

## CONVOCATORIA DE SOLICITUDES DE LICENZAS POR SABÁTICO

### CURSO ACADÉMICO 2022/2023

En virtude do establecido no artigo 5 da *Normativa de concesión de licenzas por sabático*, aprobada polo Consello de Goberno da Universidade de Santiago de Compostela o 5 de xuño de 2015 (en diante, Normativa), esta Reitoría resolve abrir o prazo de presentación de solicitudes de licenzas por permiso sabático para o curso 2022-23, de acordo coa seguinte convocatoria.

#### 1. Obxecto

O obxecto da concesión de licenzas por permiso sabático é contribuír á mellora da calidade docente e investigadora mediante o intercambio de ideas e de metodoloxía entre o profesorado tanto no ámbito nacional como internacional.

Con este fin, o período de licenza deberá dedicarse á investigación, á ampliación de estudos ou á adquisición e actualización de coñecementos sobre métodos docentes ou de investigación practicados en ámbitos disciplinares relevantes, co fin de adaptar os programas de docencia e de investigación ás demandas sociais.

#### 2. Requisitos das persoas solicitantes

Para poder solicitar a licenza por permiso sabático será necesario:

- a) Ser profesor/a funcionario/a ou contratado/a en réxime laboral con carácter indefinido na Universidade de Santiago de Compostela.
- b) Ter un mínimo ininterrompido de seis anos de docencia na Universidade de Santiago de Compostela, en situación de servizo activo ou asimilada, en réxime de dedicación a tempo completo, e ter esa mesma dedicación no momento da solicitude. Non se computará dentro deste período de seis anos o tempo que a persoa solicitante permanecese en situación de excedencia ou comisión de servizos.
- c) Non estar sancionado disciplinariamente no momento da solicitude.
- d) Ter transcorrido un período de seis anos desde a data en que finalizou a licenza anual por sabático anterior. Non obstante, no caso de que a persoa solicitante gozara dun semestre sabático, poderá solicitar outro ao cabo de tres anos, ou ben un ano sabático ao cabo de seis anos, contados a partir da data de finalización da licenza. Para o cómputo destes prazos tomarase como data de inicio o día seguinte ao do remate do sabático desfrutado e como data de finalización o día anterior ao de inicio da licenza solicitada.
- e) Dispoñer da aceptación do centro ou centros onde se pretende realizar o labor investigador ou de estudos, no caso de que a licenza inclúa a realización de estadias.

#### 3. Período de aproveitamento

De acordo coa Normativa, existen dous tipos de licenzas por período sabático: a licenza semestral e a licenza anual.

A licenza semestral terá unha duración de entre 4 e 5 meses e poderase gozar de xeito ininterrompido entre setembro e xaneiro (ambos incluídos) ou entre febreiro e xuño (ambos incluídos).

A licenza anual terá unha duración de entre 8 e 12 meses, equivalerá a dúas licenzas semestrais e deberá gozarse de xeito ininterrompido ao longo dun mesmo curso académico.

A duración dunha licenza por sabático non poderá ampliarse nin prorrogarse por ningún motivo. Tampouco será posible acumular varios períodos sabáticos.

A renuncia á licenza unha vez iniciado o permiso por sabático equipararase ao goce do período completo, agás no caso das licenzas anuais, sempre que a renuncia se presente dentro dos seis primeiros meses dende o inicio do permiso. De ser este o caso, terá a mesma consideración que as licenzas semestrais, polo que lle será de aplicación o disposto no parágrafo anterior do presente artigo para os efectos de solicitude dunha nova licenza.

#### 4. Criterios de concesión

A concesión das licenzas por período sabático correspóndelle ao Consello de Goberno. Para este fin, a Comisión de Organización Académica e Profesorado (COAP) elevará ante este órgano unha proposta tomando como base os seguintes criterios:

- a) Interese científico e académico da actividade que se vai desenvolver tendo en conta o programa de actividades presentado pola persoa solicitante, a súa adecuación ás necesidades docentes e investigadoras, presentes e futuras, do Departamento, así como a calidade e idoneidade para ser desenvolvido no centro receptor.
- b) Curriculum vitae da persoa solicitante.
- c) Número de permisos de sabáticos gozados con anterioridade.
- d) Antigüidade como profesorado funcionario ou contratado na Universidade de Santiago de Compostela.

Daráselles preferencia ás solicitudes para a formación en novas metodoloxías docentes ou para o desenvolvemento de traballos científicos ou tecnolóxicos de carácter innovador que supoñan unha contribución relevante ao avance da investigación na Universidade de Santiago de Compostela.

#### 5. Solicitudes

As persoas interesadas deberán cubrir o modelo normalizado de solicitude en formato electrónico que estará á súa disposición a través da Secretaría Virtual do Profesorado. Este requisito será imprescindible para considerar a solicitude presentada.

Ademais, as persoas solicitantes deberán remitir a seguinte documentación complementaria en arquivo PDF ao correo electrónico do Servizo de Planificación de PDI ([spdocente@usc.gal](mailto:spdocente@usc.gal)):

- a) Curriculum vitae abreviado, preferentemente conforme o modelo do curriculum vitae

normalizado da FECYT.

b) Descrición da actividade que se vai realizar durante a licenza, acompañada dunha declaración expresa de que este período non se dedicará a ningunha outra actividade distinta daquela para a que se solicita.

c) Informe do Consello de Departamento, que deberá conter como mínimo:

1. Valoración dos beneficios, tanto no ámbito da docencia como no da investigación, que suporá para o Departamento a concesión do sabático.
2. Compromiso do Departamento de facerse cargo durante o goce do permiso sabático de todas as obrigas docentes da persoa solicitante sen prexuízo para o encargo docente, indicando as medidas arbitradas para ese fin.
3. Se é o caso, compromiso do Instituto Universitario de facerse cargo durante o goce do permiso sabático das tarefas que tivera asignadas a persoa solicitante.
4. No suposto de presentarse máis dunha solicitude de profesorado pertencente a unha mesma área de coñecemento, priorización das solicitudes presentadas.

Os informes emitidos polos Consellos de Departamento serán tidos en conta pola COAP na elaboración da proposta que enviará ao Consello de Goberno para a decisión sobre a concesión da licenza, pero non terán carácter vinculante.

d) No caso de que a persoa beneficiaria teña previsto levar a cabo estadias en centros nacionais ou estranxeiros, documento de aceptación da estadia por parte da persoa ou órgano competente da institución receptora.

## 6. Prazo de presentación de solicitudes

O prazo para presentar as solicitudes remata o 26 de novembro de 2021.

## 7. Concesión

Correspóndelle ao Consello de Goberno acordar a concesión de licenzas por período sabático, previa proposta da COAP, formulada á vista da documentación recibida e en base á valoración realizada das diferentes solicitudes presentadas.

No caso do PDI que ocupa unha praza vinculada con función asistencial no SERGAS ou no Hospital Rof Codina, o acordo do Consello de Goberno trasladarase ás Comisións Míxtas correspondentes para que estas adopten a decisión que proceda.

No caso de que dous ou máis profesores/as dunha mesma área de coñecemento soliciten unha licenza por sabático para un período coincidente, total ou parcialmente, só poderá concederse unha delas. Excepcionalmente, este número poderá elevarse se iso non causa prexuízos ao desenvolvemento da docencia e da investigación.

Os acordos adoptados polo Consello de Goberno serán notificados aos interesados polo Vicerreitor de Profesorado, que tamén dará conta do acordo ás direccións de departamento, centro e, de ser o caso, instituto.

## 8. Efectos da concesión

A concesión dunha licenza por permiso sabático eximirá á persoa solicitante das súas obrigas docentes durante o período de goce. Non obstante, si poderá asumir a dirección de traballos de fin de grao e máster que estivese dirixindo no curso anterior.

A concesión desta licenza será compatible coas seguintes actividades:

- a) Asistencia a órganos colexiados e comisións das que a persoa interesada sexa membro.
- b) Solicitude de proxectos de investigación.
- c) Dirección de teses de doutoramento.
- d) Realización de estudos de formación docente, posgrao e especialización.

Pola contra, será incompatible con estoutras actividades:

- a) Exercicio de cargos académicos con redución de docencia igual ou superior a 60 horas.
- b) Realización de calquera actividade laboral por conta propia ou allea.
- c) Impartición de docencia en títulos propios.

## 9. Obrigas das persoas beneficiarias

Son obrigas do profesorado que obteña a concesión da licenza:

- a) Cumprir co plan de traballo previsto na solicitude.
- b) Presentar, no prazo de tres meses despois de rematada a licenza, unha memoria das actividades realizadas. A memoria deberá acompañase dun informe do Consello de Departamento.

A memoria será sometida á aprobación do Consello de Goberno, tras o informe da COAP. Esta aprobación será considerada como informe favorable do período sabático para os efectos da concesión da compoñente por méritos docentes do complemento específico.

No caso de que a persoa beneficiaria teña previsto levar a cabo estadias en centros nacionais ou estranxeiros, estará obrigada a solicitar á Vicerreitoría de Profesorado as correspondentes licenzas para os efectos de docencia e investigación, seguindo o procedemento habilitado para tal fin. Esta información rexistrarase na base de datos correspondente ás licenzas para os efectos de docencia e investigación.

A aceptación da licenza por parte da persoa beneficiaria implica a das normas fixadas na convocatoria e o cumprimento dos requisitos establecidos nela.

## 10. Incumprimentos

O incumprimento por parte das persoas beneficiarias das licenzas das obrigas previstas na normativa de concesión de licenzas por período sabático, ademais de comportar unha valoración negativa para os efectos do recoñecemento do complemento por méritos docentes, suporá, ata que se emende o dito incumprimento, a inhabilitación para a obtención dunha nova licenza, todo isto sen prexuízo de que o reitor poida adoptar outro tipo de medidas no caso de que o incumprimento puidese constituír unha falta disciplinaria.

Contra a presente resolución, que esgota a vía administrativa, poderase interpoñer recurso contencioso-administrativo perante o xulgado do contencioso-administrativo de Santiago de Compostela no prazo de dous meses a contar desde o día seguinte á súa recepción, de conformidade cos artigos 46 e 8.2.a) da Lei da Xurisdición Contencioso Administrativa, aprobada por Lei 29/1998, do 13 de xullo.

Non obstante, as persoas interesadas poderán interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo dun mes perante o órgano que o ditou. Neste caso non se poderá interpoñer o recurso contencioso- administrativo anteriormente indicado en tanto non recaia resolución expresa ou presunta do recurso administrativo de reposición, ao abeiro dos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

Santiago de Compostela, 25 de outubro de 2021

O reitor  
Antonio López Díaz

Documento asinado dixitalmente conforme a Lei 39/2015 de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas (BOE nº 236 do 2 de outubro de 2015).

## Taboleiro de anuncios electrónico da USC

## Sinatura dixital / Firma digital / Digital signature

**Asinante/Firmante/Signer:** ANTONIO LOPEZ DIAZ, REITOR, UNIVERSIDAD DE SANTIAGO DE COMPOSTELA, 25/10/2021 13:39:28.

**CSV:** 3B9D-C8D2-4FD7-9F97